
PROTOCOLO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
OURENSE E A ASOCIACIÓN CULTURAL CINECLUBE PADRE FEIJOO PARA
A CESIÓN DO TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE

En Ourense, a 27 de decembro de 2022

REÚNENSE

Dunha parte Don José Manuel Baltar Blanco, con DNI núm 3...002...000, Presidente da Deputación Provincial de Ourense, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 14.07.2015, de elección do seu Presidente, *artigo 34.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local* e actuando en uso das competencias atribuídas polos *artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia*; e con domicilio aos efectos deste protocolo no Pazo Provincial, emprazado na Rúa Progreso 32, 32003, Ourense.

Doutra parte, Don José Manuel Rodríguez López, na súa calidade de vicepresidente da Asociación Cultural Cineclubes Padre Feijoo, con CIF G...00000000, con sede na rúa Ramón Cabanillas, 1-32004 Ourense.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación suficiente para a sinatura do presente protocolo de colaboración e, a estes efectos **EXPOÑEN:**

Primeiro: De conformidade co disposto no *artigo 118 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia*, son competencias propias das Deputacións Provinciais o fomento e a administración dos intereses peculiares dan provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, e en especial calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento no eido da cultura.

Na mesma liña a *Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local*, atribúe competencias para a cooperación e o fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a cal permiten á provincia, a través dos seus órganos de goberno e administración, promover e executar unha ampla gama de accións públicas, incluída a de cooperación e asistencia aos concellos.

Segundo: Que a Asociación Cultural Cineclube Padre Feijóo ten como fins, segundo se estipula nos seus estatutos, a difusión da cultura cinematográfica no seu sentido amplo, a promoción da cinematografía galega e a dinamización sociocultural a través das actividades cinematográficas. E para levar a cabo os seus fins a Asociación pode organizar, entre outras actividades, proxeccións cinematográficas, producións audiovisuais así como encontros, cineforums e congresos.

Terceiro: Que a Asociación Cultural Cineclube Padre Feijoo, un dos cineclubes galegos de máis traxectoria, leva anos apostando firmemente polo desenvolvemento cinematográfico na cidade de Ourense, cunha ampla e variada programación que pon a disposición dos cidadáns pezas fundamentais da sétima arte.

Cuarto: A Deputación Provincial de Ourense e a Asociación Cultural Cineclube Padre Feijoo detectan, sobre todo nos últimos tempos, que hai moitas estreas cinematográficas que non se programan na cidade de Ourense debido á escaseza de salas na cidade, privando aos ourensáns de desfrutar de cine de actualidade.

Quinto: A Deputación Provincial ven de instalar recentemente no Teatro Principal un sistema de proxección DCP, unha nova pantalla e mellorar o sistema de son para poder facer proxeccións nas mellores condicións posibles de calidade.

Sexto: Considerando a concorrencia de intereses comúns, e tendo en conta os motivos anteriormente citados, as partes participantes **acordan a sinatura do presente protocolo**, que ten por obxecto establecer a colaboración entre ambas entidades, e consonte ás seguintes **CLÁUSULAS:**

PRIMEIRA

O obxecto do presente protocolo é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e a Asociación Cultural Cineclube Padre Feijóo para a cesión do uso do Teatro Principal de Ourense, co persoal necesario, tanto técnico como de sala, para favorecer o disfrute do cine entre a poboación interesada.

SEGUNDA

A Deputación Provincial de Ourense cederá o uso do Teatro Principal á Asociación Cultural Cineclube Padre Feijóo, con carácter xeral tódolos mércores, para facer dous pases de películas de estrea que non teñan previsto proxectarse en Ourense en salas comerciais.

A Asociación Cultural Cineclube Padre Feijoo comprométese a colaborar coa Deputación Provincial naquelas actividades e eventos relacionados co ámbito audiovisual que organice, promova ou fomenta a administración provincial.

TERCEIRA

Serán excepción aqueles días que por actividades propias da Deputación precise do uso do Teatro Principal. Neste caso comunicarase oportunamente con un mes de antelación esta previsión. E tamén, se a sinatura deste convenio, houbera algún contrato aprobado para actividade propia da programación do Teatro Principal.

CUARTA

A Deputación Provincial autoriza á Asociación Cultural Cineclube Padre Feijóo a cobrar entrada polas proxeccións, sendo a totalidade da recadación de esta actividade para a Asociación. No caso de que o Cineclube o considere necesario autorizáselles a usar a plataforma electrónica do Teatro para a venda de entradas.

QUINTA

Os gastos ocasionados polo custe do aluguer das películas, cos impostos correspondentes e a cota da SGAE serán por conta do Cineclube Padre Feijoo.

SEXTA

A Asociación Cultural Cineclube Padre Feijóo comprométese a facer constar en canta documentación fagan uso para a promoción das proxeccións da colaboración da Deputación de Ourense nesa actividade.

SÉTIMA

Para o seguimento, control e avaliación do presente protocolo constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes de cada unha das partes, coas seguintes funcións:

- a) Seguimento do protocolo, así como aclarar e decidir sobre cantas dúbidas e cuestións poidan plantexarse na interpretación e execución do mesmo.
- b) Adopción das medidas que se estimen axeitadas para o mellor desenvolvemento dos compromisos e obrigas establecidas no mesmo.
- c) Avaliación dos programas e actividades.
- d) Comprobación de que toda a información e publicidade que se efectúe dos programas e actividades que se realicen no marco do protocolo reflecta o establecido polos asinantes.

A comisión reunirse cando algunha das partes o estime conveniente.

OITAVA

A subscrición deste protocolo non xerará relación laboral (salvo que se determinase expresamente), entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo e maila Deputación de Ourense, de xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade laboral nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Igualmente a subscrición deste protocolo non xerará relación mercantil ou administrativa (salvo que se determinase expresamente), entre as persoas físicas e/ou xurídicas que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo e maila Deputación de Ourense, de xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste protocolo serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

DÉCIMA

O protocolo poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo.

UNDÉCIMA


O presente Protocolo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2023 e estende a súa duración ata o 31 de decembro do ano 2023.

As partes asinan este protocolo por triplicado en proba de conformidade no lugar e data arriba indicados.



José Manuel Baltar Blanco

Presidente da Deputación de Ourense



José Manuel Rodríguez López

Vicepresidente Cineclube Padre Feijóo

ADVERTENZA:

O contido é íntegro, agás dos datos identificativos
para preservar o cumprimento da protección de datos das persoas e entidades.